



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Literatura Medieval Galego-Portuguesa | Código | 613G02023 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Tato Fontaiña, Laura | Correo electrónico | laura.tato@udc.es | |
| Profesorado | Martinez Pereiro, Carlos Paulo | Correo electrónico | carlos.pereiro@udc.es | |
| | Tato Fontaiña, Laura | | laura.tato@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo da literatura medieval galego-portuguesa a través dos seus textos e autores máis representativos. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A16 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos. |
| A17 | Ter un coñecemento avanzado da literatura galega. |
| A18 | Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----|----|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. | A2 | B1 | |
| | A11 | B7 | |
| Identificar os problemas e temas de investigación do ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. | A14 | B3 | |
| | A15 | B6 | |
| | A16 | | |
| | A17 | | |
| | A18 | | |
| | | | |



| | | | |
|--|--|----------------------|----------|
| Aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. | A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 | B1 B3 B6 B7 | C1 C8 |
| Interiorizar e aplicar un coñecemento avanzado da literatura galega e portuguesa. | A1 A17 A18 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | A1 A2 A14 A15 A16 A17 A18 | B1 B3 | C1 C6 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. A literatura galego-portuguesa medieval. | 1.1 Nocións preliminares: definición, delimitación e contextualización. 1.2 Ámbitos, cronoloxía e periodización. |
| 2. A poesía profana. | 2.1 A cantiga de amor e a cantiga de amigo. 2.3 As cantigas satíricas e outros xéneros. |
| 3. A poesía relixiosa: as Cantigas de Santa María. | 3.1 Autoría, transmisión manuscrita e fontes. 3.2 Estrutura e clasificación tipolóxica. |
| 4. A prosa galego-portuguesa medieval. | 4.1 As materias narrativas: a Materia de Bretaña e a Materia de Roma. 4.2 A Historiografía e outras manifestacións prosísticas. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A2 A17 A18 | 20 | 30 | 50 |
| Obradoiro | A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6 C8 | 22 | 33 | 55 |
| Lecturas | A2 A7 B6 B7 C1 C6 | 1 | 30 | 31 |
| Proba mixta | A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B6 B7 | 2 | 11 | 13 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior. |



| | |
|-------------|---|
| Obradoiro | Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, entre outras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC ou o estudo de casos. |
| Lecturas | No Paso 8 desta Guía, atópase a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso. |
| Proba mixta | Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------|---|
| Lecturas Obradoiro | Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a orientación e axuda que precise para a realización dos seus traballos. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia. O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|--|---|---------------|
| Lecturas | A2 A7 B6 B7 C1 C6 | Terán de realizarse as leituras obrigatórias por parte do alumnado, sendo avaliadas ao longo do desenvolvemento das aulas. O control destas lecturas será realizado por medio de recensións "ad hoc" e/ou en sesións específicas na sala de aulas, avaliando a capacidade de comprensión e a síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos conteúdos focados e as competencias previstas na materia. | 20 |
| Proba mixta | A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B6 B7 | Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e conteudística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor. | 50 |
| Obradoiro | A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6 C8 | Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade tipolóxica. | 30 |

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado que se vaia presentar á convocatoria adiantada de decembro, con matrícula parcial, semipresencial, dispensa académica ou calquera outra particularidade especial deberá pórse en contacto coa profesora ao comezo do curso a través do correo electrónico e/ou utilizar o horario de titorías fixado polo centro.

Na segunda oportunidade haberá que superar as mesmas probas que na primeira.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Beltrán, V. (1995). A cantiga de amor. Vigo: Xerais - Brea, M. (coord.) (2000). Galicia. Literatura. A Idade Media. XXX.. A Coruña: Hércules de Ediciones - Brea, M. / Lorenzo, P. (1998). A cantiga de amigo. Vigo: Xerais - Buescu, M^a L. Carvalhão (1990). Literatura portuguesa medieval. Lisboa: Universidade Aberta - Dias, A. F. (1998). História Crítica da Literatura Portuguesa. Idade Média. Lisboa / São Paulo: Verbo - Fidalgo, E. (2002). As Cantigas de Santa María. Vigo: Xerais - Gutiérrez, S. / Lorenzo, P. (2001). A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago - Lanciani, G. / Tavani, G. (1995). As cantigas de escarnio. Vigo: Xerais - Lanciani, G. / Tavani, G. (orgs.) (1993). Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa. Lisboa: Caminho - Lapa, M. Rodrigues (1981). Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval.. Coimbra: Coimbra Editora - Oliveira, A. Resende de (2001). O Trovador Galego-Português e o seu Mundo. Lisboa: Notícias - Oliveira, A. Resende de (1995). Trobadores e Xogares (Contexto Histórico). Vigo: Xerais - Pena, X. R. (2002). Historia da Literatura Medieval Galego-Portuguesa.. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Polín, R. (1994). A poesía lírica galego-castelá (1350-1450). Santiago de Compostela: Servicio de publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago - Projeto Littera (). Cantigas Medievais Galego-Portuguesas http://cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp. - Tavani, G. (1990). A Poesia Lírica Galego-Portuguesa. Lisboa: Comunicação <p>Obras de lectura obrigatoria:- Arias Freixedo, X. B. (2003): Antoloxía da lírica galego-portuguesa (Vigo: Xerais).- Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. (1996): Cantigas de Santa María. Afonso X (Antoloxía) (Vigo: A Nosa Terra / AS-PG).- Freixeiro Mato, X. R. (1996): Prosa literaria medieval (Antoloxía) (Vigo: A Nosa Terra / AS-PG).</p> |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Marques, A. H. Oliveira (1981). A Sociedade Medieval Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa - Martins, M. (1980). Estudos de Cultura Medieval. Lisboa: Brotéria |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías